

## XIV CONCURSO DE DESEÑO "O BALONCESTO E O NADAL"

A Federación Galega de Baloncesto convoca a **XIV edición do Certame de DESEÑO "O Baloncesto e o Nadal"**, actividade que promove a creación da Postal de Nadal que a Federación Galega de Baloncesto enviará durante esas datas festivas para felicitar a todos os clubs, institucións e afeccionados. Así como para ubicar na súa web oficial ([www.fegaba.com](http://www.fegaba.com)) e redes sociais.

Nesta XIV edición o certame contará, por segundo ano consecutivo, **co compromiso por parte da Federación Galega de Baloncesto de donar ao Banco de Alimentos RÍAS ALTAS un kilogramo de alimentos por cada postal recibida.**

### **PARTICIPANTES**

Para participar é preciso enviar unha obra e deseño persoal que reúna os REQUISITOS que a continuación se estipulan:

Poderán presentar os seus deseños e traballos todos aqueles xogadores e xogadoras federados que pertencen ás categorías dende Preminibasket ata Cadete.

### **TEMÁTICA**

Os deseños presentados deben relacionar dúas temáticas: O Baloncesto e a festividade de NADAL.

### **CONDICIÓN**

Os xogadores e xogadoras que desexen participar poderán enviar á Federación Galega de Baloncesto a súa creación.

Admitirase unicamente unha postal por participante.

Esta poderá estar realizada a man ou mesmo a través de ordenador, en Branco e Negro ou a Cor.

O tamaño máximo do traballo será DIN A4, podendo presentarse en menor tamaño se así se desexa. O Soporte do mesmo poderá ser papel ou cartulina.

Poderán empregarse na súa realización os materiais que se desexen, sempre e cando non se desprendan facilmente do deseño.

## XIV CONCURSO DE DESEÑO “O BALONCESTO E O NADAL”

### ENVÍO E PRAZO DE ENTREGA

Os traballos presentados terán que entregarse nun sobre pechado no que se introduza a obra a concurso e no que se especifique o título da mesma e os datos persoais e propios do participante (DNI, nome completo, idade, dirección postal, email de contacto e club ao que pertence).

O sobre anteriormente citado deberá presentarse en persoa na Delegación FGB Zonal correspondente a cada participante, ou ben, a través do correo, na sede central da FGB en Santiago (Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 14. C.P.15707. Santiago de Compostela. A Coruña)

A data límite para facer efectiva esta entrega será a do día **20 de decembro de 2023.**

### PREMIOS E AGASALLOS

A Federación Galega de Baloncesto galardoará ao 1º premio con:

- Pack de roupa deportiva  
*Camiseta de xogo da Selección Galega*  
*Camisa Técnica FGB*  
*Sudadeira oficial FGB*  
*SoftShell.*
- Balón oficial Molten
- Libro “50 anos do Baloncesto en Galicia”
- Pizarra Oficial Federación Galega de Baloncesto

A Federación Galega de Baloncesto galardoará ao 2º premio con:

- Pack de roupa deportiva  
*Camiseta de xogo da Selección Galega*  
*Camisa Técnica FGB*  
*Sudadeira oficial FGB*  
*SoftShell.*
- Libro “50 anos do Baloncesto en Galicia”

Así mesmo, as 20 primeiras postais en chegar oficialmente a este XIII Certame recibirán un obsequio como mostra e recoñecemento ao seu esforzo.

## XIV CONCURSO DE DISEÑO “O BALONCESTO E O NADAL”

### CONCESIÓN E PUBLICACIÓN

A concesión dos premios farase baixo a responsabilidade dun xurado composto pola Xunta Directiva FGB.

A Federación Galega de Baloncesto resérvase o dereito de declarar deserto o resultado do concurso, así como o seu premio, se a calidade dos traballos recibidos non se axusta a un criterio lóxico mínimo.

A **publicación dos galardóns farase efectiva o día 21 de decembro de 2023**, tanto na web [www.fegaba.com](http://www.fegaba.com) como nas redes sociais da propia Federación Galega de Baloncesto.

A participación neste XIV Concurso de Deseño “O Baloncesto e o Nadal” implicará a cesión do uso público do deseño dos mesmos á Federación Galega de Baloncesto.

### PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informamos de que o Responsable de Tratamento dos datos persoais dos participantes é FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO, con correo electrónico [secretaria@fegaba.com](mailto:secretaria@fegaba.com).

O Delegado de Protección de Datos da FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en [secretaria@fegaba.com](mailto:secretaria@fegaba.com).

Os datos serán empregados para facerlle participante no concurso, así como para poder remitirle o premio no caso de resultar o participante gañador, ou remitirle o agasallo se a súa postal é unha das 20 primeiras recibidas. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. A lexitimación para este tratamento de datos é o seu consentimento expreso remitindo seus datos no coa postal presentada ó concurso.

Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a potabilidade dos mesmos en calquera momento.

## XIV CONCURSO DE DESEÑO “O BALONCESTO E O NADAL”

Para isto, FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: [secretaria@fegaba.com](mailto:secretaria@fegaba.com).